




MÚSICA GRAVADA PARA AS ESCOLAS



DISCOS INFANTÍS (GRAVACIÓNS HISTÓRICAS)



Intérprete: María Manoela e Xoan Rubia

Título: Panxoliñas.

Ano Ed.: 1977

Edit.: Zafiro

Comentario: Selección dos vilancicos de Ramiro Cartelle e arranxos de Javier Iturralde.



Intérprete: Suso Vaamonde

Título: Os soños na gaiola.

Ano Ed.: 1978 Reeditado no 2006

Edit.: Movieplay

Comentario: Posibelmente o primeiro disco infantil galego. Foi Disco Infantil do Ano, premio outorgado polo Ministerio de Cultura.



Intérprete: Fuxan os ventos

Título: Galicia canta o neno.

Ano Ed.: 1978

Edit.: Philips

Comentario: En 1979 a editorial Alvarellos de Lugo, tirou un texto co mesmo título cunha escolma ampliada de letras e partituras.



Intérprete: María Manoela

Título: Cantigas para nenos e neneiros.

Ano Ed.: 1979

Edit.: Zafiro

Comentario: Con músicas de Miguel Varela e poesías de Manuel María, Rosalía, Emilio Pita, Viqueira e Ana Caxiao.

DISCOS INFANTÍS

RICO VEREA




Intérprete: Uxía López Meirama & Manuel Rico Vereá

Título: Arrolín, arrolán

Ano Ed.: 1994

Edit.: Sons Galiza

Comentario: A transcripción en papel das partituras foi publicada por Fontel, D.L., no mesmo ano.



Intérprete: Uxía López Meirama & Manuel Rico Vereá


Título: Vente vindo, ven cantando

Ano Ed.: 1996

Edit.: Fontel

Comentario: Libro máis dous cassettes. Ilustracións de Miguel Anxo Prado.

SUSO VAAMONDE



Intérprete: Suso Vaamonde

Título: Cantarolas para a xente miuda

Ano Ed.: 1986

Edit.: Edicións Trebón

Comentario: Para este disco o autor procura inspiración nos textos de Neira Vilas.



Intérprete: Suso Vaamonde

Título: Rapazas, Rapaces e rapazadas

Ano Ed.: 1997

Edit.: Edicións Trebón

Comentario: Disco infantil de Suso Vaamonde publicado pouco tempo antes do seu pasamento no ano 2000.

DISCOS INFANTÍS

NA VIRADA

<http://perso.wanadoo.es/navirada>




Intérprete: Na virada

Título: Rolada das cantigas

Ano Ed.: 2002

Edit.: Kalandraka

Comentario: Primeiro libro-c.d. do grupo liderado polo histórico da música galega Chico de Carinho.



Intérprete: Na virada

Título: Solaina

Ano 2006

Edit.: Kalandraka

Comentario: Cantigas da lusofonía, con colaboracións tan ilustres como os poemas de Neira Cruz e Mísia ou a música de José Mário Branco.

LEDICIA

www.grupoledicia.org



Intérprete: Leducia

Título: Polo correo do vento

Ano Ed.: 1997

Edit.: Edicións Xerais de Galicia

Comentario: Grupo fundado en 1983 no colexio público Manuel Masdías de Caranza, Ferrol, baixo a dirección de Xosé Lastra.



Intérprete: Leducia

Título: Estiñada

Ano Ed.: 2007


Edit.: Xerais

Comentario: Con C.D. e D.V.D.

DISCOS INFANTÍS

MAMÁ CABRA

www.mamacabra.com



Intérprete: Mamá Cabra

Título: Cantos Rodados

Ano Ed.: 2002

Edit.: Primera persona

Comentario: Paquete que se completa con cantos mirados, cantados e bailados. Primeiro traballo do grupo liderado por Gloria Mosquera Roel.




Intérprete: Mamá Cabra

Título: Cantando conmigo

Ano 2004

Edit.: Primera Persona

Comentario:



Intérprete: Mamá Cabra

Título: Tan só con leres un libro

Ano Ed.: 2005

Edit.: Discmedi

Comentario: Inclúe moitos extras como partituras e ilustracións para colorear. A canción *Tan só con leres un libro* foi Premio da música á mellor canción en galego.



Intérprete: Mamá Cabra

Título: Cartas que veñen e van

Ano Ed.: 2006

Edit.: Xerais

Comentario: Obra da profesora Susa Herrera, con arranxos e interpretación de Mamá Cabra.

DISCOS INFANTÍS

XABARÍN



Intérprete: VV.AA.

Título: A Cantar co Xabarín v. V

Ano Ed: 1999

Edit.: Boa Music

Comentario: Banda sonora da serie de deseños animados do Xabarín Club.



Intérprete: VV.AA.

Título: A Cantar con Xabarín

Ano Ed.: 2004

Edit.: TVG

Comentario: Série de cinco C.D.'s que foron recompilados nos volumes VI e VII. Contén DVD.

IN ITÍNERE



Intérprete: In Itinere

Título: A campá da lúa

Ano Ed.: 2002

Edit.: Boa Music

Comentario: Subtitulado Cancións para os soños dun fillo, trátase da visión musical do libro de Helena Villar Janeiro, feita polo grupo de cámara da U.S.C.

ANTÓN SEOANE



Intérprete: Antón Seoane.

Título: Lambón. Cancións para os croques.

Ano Ed.: 2006

Edit.: Discmedi

Comentario: O fundador de Milladoiro, Antón Seoane, tráenos cancións para nen@s con letras de Neira Vilas ou Antón García Teixeiro e a voz, entre outras, de Pilocho.

DISCOS INFANTÍS

A.G.G.



Intérprete: Varios

Título: Quiquiriqui. Cantos para o nadal

Ano Ed.: 2007

Edit.: Pai Música

Comentario: Producción da AGG, coa dirección artística de Paulo Nogueira e Magoia Bodega, músicos de Treixadura Gaiteiros e mestres de primaria. C.D.+ D.V.D.



Intérprete: Varios


Título: Pelo, Gato, 24

Ano Ed: 2007

Edit.: Pai Música

Comentario: Producción da AGG na que colaboran Sonia Lebedinsky, Xabier Díaz, Leilía, Paulo Nogueira, César Longa, a Señora Carmen e Pancho Álvarez. C.D.+ D.V.D.

MENIÑOS



Intérprete: Varios

Título: Meniños cantores

Ano Ed.: 2005

Edit.: Pai Música

Comentario: Disco promovido pola Candidatura de Patrimonio inmaterial galego-portugués. C.D.+ D.V.D.

BERCE



Intérprete: Varios.

Título: Cantos de Berce.

Ano Ed.: 2001

Edit.: GaliNova

Comentario: Producto nacido da unión do folclorista Rico Berea e do músico de jazz Nani García, e con colaboracións tan importantes como Marcos Teira.

DISCOS INFANTÍS

MARÍA MANUELA



Intérprete: María Manuela e Miguel Varela

Título: Imos cantar xuntos

Ano Ed.: 1991

Edit.: Edicións Xerais de Galicia

Comentario: Música tradicional con arranxos de Miguel Varela e Nani García.

MIGALLAS

www.migallas.com



Intérprete: Migallas

Título: Canta connosco

Ano Ed.: 1996

Edit.: Migallas

Comentario: Arranxos de Paco Dicenta e colaboracións de Guillermo Fernández e Suso Vaamonde.

A QUENLLA

www.aquenlla.com



Intérprete: A Quenlla

Título: Romance. Historia da lingua galega

Ano Ed.: 1988


Edit.: Sons Galiza

Comentario: Con texto de Darío Xoán Cabana e música e interpretación de X. Luis Rivas Cruz (voz e zanfona).



VOCES GALEGAS MASCULINAS

VOCES CEIBES



Intérprete: Varios

Título: Noticias da Nova Canción Galega

Ano Ed.: 1996

Edit.: Chorima

Comentario: Recopilatorio dos cantautores da xeración de Voces Ceibes.

SUSO VAAMONDE



Intérprete: Suso Vaamonde

Título: Celso Emilio na voz de Suso Vaamonde

Ano Ed: 1980

Edit.: Dial Discos

Comentario: Un dos discos máis populares de Suso Vaamonde con cantigas como Notas necrolóxicos ou María Soliña.

BATALLÁN



Intérprete: Luís Emilio Batallán

Título: Ahí ven o maio

Ano Ed.: 1975 Reeditado en C.D. en 1997

Edit.: Movieplay

Comentario: Un dos discos máis populares da historia da música galega.

PANCHO ÁLVAREZ



Intérprete: Páncho Álvarez

Título: Nas cordas

Ano Ed.: 2001

Edit.: Boa Music

Comentario: A voz do músico de Na Lúa e a Carlos Núñez reinterpreta voces como a de Florencio, o Cego dos Vilares.

VOCES GALEGAS MASCULINAS

PABLO QUINTANA



Intérprete: Pablo Quintana

Título: O cego andante

Ano Ed.: 1983

Edit.: Ruada. Reedición do ano 2000.

Comentario: Disco mítico gravado nos estudos do gran Jean Phocas, con músicos da talla de Michel Canadá (Doa, Milladoiro...).

XAVIER DÍAZ

www.xabierdiaz.com



Intérprete: Xavier Díaz

Título: Músicas de Salitre

Ano Ed: 2005

Edit.: Músicas de Salitre

Comentario: Xavier Díaz cantante de Nova Galega de Danza ou Berrogüeto, gravou este disco na compañía de Guillermo Fernández guitarra de Berrogüeto e Espido.



Intérprete: Xavier Díaz

Título: Coplas para Icía

Ano Ed.: 2007

Edit.: Músicas de salitre

Comentario: Disco que ten como base a música tradicional galega, con arranxos de Xavier Díaz e Pedro Lamas.

FLORENCIO



Intérprete: Florencio, o cego dos Vilares

Título: Recolleita

Ano Ed.: 1984 Reeditado en C.D.en 2003

Edit.: Edigal

Comentario: Florencio fíxose moi popular tras aparecer neste disco e nas recollas de Fuxan os Ventos e Dorothe Schubarth. Coordinado por Pablo Quintana.

VOCES GALEGAS MASCULINAS

AMANCIO PRADA

www.amancioprada.com



Intérprete: Amancio Prada

Título: Vida e morte

Ano Ed.: 1974

Edit.: Hispavox. Reedición do ano 2008.

Comentario: Primeiro disco de Amancio Prada, bilingüe, con poemas de Darío Xoán Cabana, Celso Emilio ou o cubano Nicolás Guillén e o chelo de Eduardo Gattinoni.




Intérprete: Amancio Prada

Título: Lelia Doura

Ano Ed: 1980

Edit.: Fonomusic

Comentario: Neste disco Amancio Prada pon música aos trovadores, poemas que descubriu na antoloxía de Martín Gaité, *Ocho siglos de poesía gallega*.



Intérprete: Amancio Prada

Título: Rosas a Rosalía

Ano Ed.: 1998

Edit.: Fonomusic

Comentario: Revisión do seu repertorio rosaliano, agora acompañado pola Real Philharmonia e as voces entre outras de Martirio, Marisa Paredes ou Nuria Espert.



Intérprete: Amancio prada

Título: De mar e terra

Ano Ed.: 1999

Edit.: EMI

Comentario: Versión ao seu xeito de algunha das máis populares cantigas tradicionais galegas. Grande protagonismo da zanfona e colaboración de Luís Delgado.

VOCES GALEGAS MASCULINAS

SANTALICES



Intérprete: Faustino Santalices

Título: Vida e morte

Ano Ed.: Gravacións históricas da zanfona 1924-1949

Edit.: Boa/Colección do Fol.

Comentario: Edición a cargo de Antón Seoane das gravacións históricas de Columbia e da Casa Regal. Santalices, avogado e artesán, é o pai da zanfona moderna.

TREIXADURA

www.treixadura.com



Intérprete: Orfeón Treixadura

Título: Lelia Doura

Ano Ed: 2006

Edit.: Pai musica

Comentario: Incorporación ao grupo de gaitas cambadés, do Orfeón Treixadura, un grupo vocal que persigue os sons das vellas corais galegas.

SERVANDO



Intérprete: Servando Barreiro e contradança

Título: A danza do lume

Ano Ed.: 1998

Edit.: Chorima

Comentario: Cantautor galego, contacontos e pintor de acuarelas. Os seus traballos están cheos de música para cantar e bailar.



Intérprete: Servando Barreiro e contradança

Título: Som voltas

Ano Ed.: 2005

Edit.: AGAL

Comentario: Último disco até o momento de Servando, con folclore galego-portugués. Foi editado pola Associação Galega da Língua.

VOCES GALEGAS MASCULINAS

A RODA

www.grupoaroda.com




Intérprete: A Roda

Título: A Roda rodando

Ano Ed: 1993

Edit.: Lostregazos

Comentario: Grupo vigués formado en 1976 por Adolfo (Fito) Domínguez e Luís Vaamonde (irmán de Suso) entre outros.



Intérprete: A Roda

Título: Lembranzas

Ano Ed.: 1994

Edit.: Lostregazos

Comentario: Tanto este disco como o anterior son recopilatorios onde se atopan algún dos temas máis populares da formación.

TINO BAZ

www.tinobaz.com



Intérprete: Tino Baz

Título: Cinsa namorada

Ano Ed.: 2007

Edit.: Pai Musica

Comentario: Cantautor guardés, formou parte de importantes bandas como A Roda ou Treixadura. Dirección artística de Moisés Quintas.



VOCES GALEGAS FEMENINAS

EVA CASTIÑEIRA



Intérprete: Eva Castiñeira

Título: Recolleita

Ano Ed.: 1984 Reeditado en C.D.en 2003

Edit.: Edigal

Comentario: Eva Castiñeira, comparte disco co Cego de Vilares, era unha pandereteira de Agraxón, Muxía. Maxis-tral interpretación vocal e instrumental (pandeireta).

SRA. CARMÉN

www.sracarmen.com



Intérprete: Sra. Carmen


Título: Na flor dos meus anos

Ano Ed: 2007

Edit.: Pai musica

Comentario: Disco gravado pola Sra. Carmén (Malvela) aos seus 82 anos, con textos de Fran Alonso e colaboracións de Uxia Senlle, Dulce Pontes, Budiño ou Romaní.

MARÍA MANUELA



Intérprete: María Manuela


Título: Para Miguel

Ano Ed.: 1999

Edit.: Boa

Comentario: Disco no que a cantante ferrolana homenaxea ao seu marido Miguel Varela, logo do seu pasamento pouco antes da gravación.

PILOCHA



Intérprete: Pilocho

Título: Calamida sentimental

Ano Ed.: 1998

Edit.: Xerais

Comentario: Pilocho fíxose popular co disco gravado para fonomusic no 1979, con temas como alecrín e o sacristán de Coimbra. Neste conta coa dirección de Antón Seoane.

VOCES GALEGAS FEMENINAS

UXÍA SENLLE

www.uxia.net



Intérprete: Uxía

Título: Uxía. Recopilación

Ano Ed.: 2002

Edit.: Voz de Galicia

Comentario: Recopilatorio publicado na colección *Son de Galicia* da Voz de Galicia.



Intérprete: Uxía

Título: Danza das areas

Ano Ed: 2000

Edit.: Virgin

Comentário: Gran produción de Virgin, onde podemos escoitar achegas de mulleres como Dulce Pontes, Filipa Pais, Maria del Mar Bonet ou Guadi Gallego .



Intérprete: Uxía

Título: Eterno navegar


Ano Ed.: 2008

Edit.: Harmonía mundi

Comentario: Con arranxos do azoriano Paulo Borges, Uxía fai un disco para a lusofonía, con aires de Galiza, Portugal, Brasil e Cabo Verde.

MARFUL

www.marful.info



Intérprete: Marful

Título: Marful

Ano Ed.: 2006


Edit.: Producciones efimeras

Comentario: Marful é a voz patrimonial de Ugia Pedreira máis a mestría instrumental dos irmáns Pascual e a guitarra de Marcos Teira. Música crioula e evocatoria.

VOCES GALEGAS FEMENINAS

NORDESTIN@S

www.nordestinas.eu



Intérprete: Nordestin@s

Título: Nordestin@s

Ano Ed.: 2006

Edit.: Falcatruada

Comentario: Ugía Pedreira, Guadi Galego e Abe Rábade forman un trio que mixtura o jazz con habaneira, tradición con modernidade.

ESPIDO

www.espido.es



Intérprete: Espido

Título: Espido

Ano Ed: 2005

Edit.: Músicas de Salitre

Comentário: Dúo formado por Guadi Galego e Guillermo Fernández, que xa coincidiran en Berrogüeto.

MERCEDES PEÓN

www.mercedespeon.es



Intérprete: Mercedes Peón

Título: Isué

Ano Ed.: 2000

Edit.: Resistencia

Comentario: Primeiro disco de Mercedes Peón, logo de abandonar o programa Luar, onde se fixera popular presentando a sección de música tradicional.



Intérprete: Mercedes Peón

Título: Sihá

Ano Ed.: 2007


Edit.: DiscMedi

Comentario: Terceiro disco de Mercedes Peón logo de Isué e Ajrú, onde segue a evolucionar na experimentación cos sons do seu imaxinario particular.

VOCES GALEGAS FEMENINAS

LEILÍA

www.leilia.net



Intérprete: Leilía

Título: Leilía

Ano Ed.: 1994

Edit.: DiscMedi

Comentario: Grupo formado en Compostela en 1989 por pandereteiras de Cantigas e Agarimos. Son potente con repertorio exclusivamente tradicional.



Intérprete: Leilía

Título: Son de Leilía

Ano Ed: 2005

Edit.: Leilear

Comentário: Disco de celebración dos quince anos de vida do grupo.

MALVELA

www.malvela.com



Intérprete: Malvela

Título: Que o pano non me namora

Ano Ed.: 2002

Edit.: Pai Musica

Comentario: Grupo formado tras un curso impartido en Mos por Uxía Senlle, que corre coa dirección artística. Música da raia.



Intérprete: Malvela

Título: Da miña xanela a túa

Ano Ed.: 2007

Edit.: Pai Musica

Comentario: Terceiro disco de Malvela que inclúe o popular *Pirimpimpín*. C.D.+ D.V.D.

GRUPOS FOLK GALEGOS

FUXAN OS VENTOS



Intérprete: Fuxan os ventos

Título: Sus primeiros álbumes en discos Philips (1976-1978)

Ano Ed.: 1994

Edit.: Ramalama

Comentario: Os tres primeiros discos gravados polo histórico grupo lucense para Philips, cos temas máis populares de toda a súa carreira.



Intérprete: Fuxan os ventos

Título: Na memoria dos tempos

Ano Ed: 2002

Edit.: La voz de Galicia

Comentário: Resposta musical ante o desastre ecolóxico provocado polo Prestige. Son tradicional mixturado con orquestra de cámara.

MILLADOIRO

www.milladoiro.com



Intérprete: Milladoiro

Título: Aires da terra

Ano Ed.: 2002

Edit.: Sony

Comentario: Recopilatorio das gravacións efectuadas por Milladoiro para Sony.



Intérprete: Milladoiro

Título: 25

Ano Ed.: 2005

Edit.: DiscMedi

Comentario: Revisión dalgun dos temas máis polulares do repertorio de Milladoiro. Colaboracións de Anxo Pintos e Susana Seivane entre outros.

GRUPOS FOLK GALEGOS

NA LÚA



Intérprete: Na Lúa

Título: As fases de Na Lúa


Ano Ed.: 2001

Edit.: Boa

Comentario: Resumen dos vinte anos de carreira deste grupo formado no Porriño no 1980.

DOA

www.doa-music.com



Intérprete: Doa

Título: Polaridade

Ano Ed: 1984 Reeditado en C.D. en 2002

Edit.: Sociedad Fonográfica Asturiana/Ión Producciones

Comentario: Disco que supuso un fito na historia da música gravada en Galicia. A voz de Baile de Pandeiras e a de Víctor Manuel que ademáis levou a produción.

LUAR NA LUBRE

www.luarnalubre.com



Intérprete: Luar na lubre

Título: Lo mejor de Luar na lubre. XV aniversario

Ano Ed.: 2001

Edit.: Warner

Comentario: Resumo de quince anos de traballo con colaboracións de luxo como Pablo Milanés, Hevia ou Ismael Serrano.

FÍA NA ROCA

www.berroguetto.com



Intérprete: Fía na Roca

Título: Dez anos ao vivo

Ano Ed.: 2003


Edit.: Discmedi

Comentario: Gravación ao vivo efectuada no Teatro Principal de Santiago de Compostela, para celebrar os dez anos da fundación do grupo.

GRUPOS FOLK GALEGOS

BERROGÜETTO

www.berroguetto.com



Intérprete: Berroguetto

Título: Navicularia

Ano Ed.: 1996

Edit.: Colección do Fol

Comentario: Anxo Pintos, Isaac Palacín e Santi Criebeiro forman, tras da desaparición de Matto Congrio, Berroguetto, nacendo unha nova forma de facer Folc.



Intérprete: Berroguetto

Título: 10.0

Ano Ed.: 2006

Edit.: Colección do Fol

Comentario: Cuarto disco logo de dez anos de vida da formación viguesa, cun repertorio de autor no máis puro estilo Berroguetto.



GRUPOS TRADICIONAIS

FAISCAS



Intérprete: Faíscas do Xiabre

Título: In Memoriam

Ano Ed.: 1979

Edit.: Guimbarda

Comentario: Grupo no que militaba a parte catoirense de Milladoiro. Nesta gravación recollen o herdo musical dos Gaiteiros de Soutelo.

PALLAMALLADA



Intérprete: Pallamallada

Título: Recopilatorio

Ano Ed: 2003

Edit.: La voz de Galicia

Comentario: Recopilatorio publicado pola Voz de Galicia na serie Son de Galicia con o número 15. Inclúe temas dos discos gravados polo grupo para Cumio.

NOITAREGA



Intérprete: Noitarega

Título: Noitarega

Ano Ed.: 1993

Edit.: Cumio

Comentario: Grupo Vigués que conta cunha das mellares parellas na percusión, con Manuel Alonso Iglesias, tamboril e Xosé María Gutiérrez García, bombo.

TREIXADURA

www.treixaduracom



Intérprete: Treixadura

Título: Unha noite no muíño

Ano Ed.: 1999

Edit.: Cumio

Comentario: Segundo disco de Treixadura, anterior a chegada do Orfeón e primeiro en incorporar o acordeón.

GRUPOS TRADICIONAIS

XISTRA

www.redetic.com/xistra



Intérprete: Xistra de Coruxo

Título: Tres nun

Ano Ed.: 2003

Edit.: Zouma records

Comentario: Grupo autoetiquetado como *folc galego-minhoto*, realiza numerosos concertos didácticos, acompañados de interesantísimas unidades didácticas..

OS CARUNCHOS



Intérprete: Os Carunchos

Título: Sen tempo non era

Ano Ed: 2002

Edit.: Zouma records

Comentario: Segundo disco do grupo liderado polo re-gueifeiro Luís Correa. Impactante mixtura de voz, gaita, óboe e bo humor.



MESTR@S DA GAITA

RICARDO PORTELA



Intérprete: Ricardo Portela

Título: Alborada en Cotobade

Ano Ed.: 1990 Reeditado en C.D. en 1997

Edit.: Edigal

Comentario: Gravación do mestre Portela realizada dous anos antes do seu pasamento. A percusión é de luxo con Francisco Estévez (Chuco), Gonzalo Rodríguez e Polo.

ENRIQUE OTERO



Intérprete: Enrique Otero Covelo


Título: O gaiteiro do Fragoso

Ano Ed: 2001

Edit.: Boa/Do Fol

Comentario: Disco do compositor e profesor de gaita vi-gués, esplendidamente producido por Ramon Pinheiro par a colección do Fol de Boa.

IVÁN COSTA



Intérprete: Iván Costa

Título: Ávrego

Ano Ed.: 2006

Edit.: Cumio

Comentario: Neste C.D., Iván Costa, mestre de música en primaria, mixtura repertorio tradicional coas súas propias composicións.

SUSANA SEIVANE

www.susanaseivane.net



Intérprete: Susana Seivane

Título: Alma de buxo

Ano Ed.: 2001

Edit.: Boa

Comentario: Segundo disco dos tres que leva publicados a neta do fundador da saga dos Seivane. Colaboracións ilustres como as de Romaní ou Kepa Junquera.

MESTR@S DA GAITA

CARLOS NÚÑEZ

www.carlos-nunez.com



Intérprete: Carlos Núñez

Título: Todos os mundos

Ano Ed.: 2002

Edit.: BMG Ariola

Comentario: Recopilatorio de grandes éxitos do gaiteiro máis internacional.



Intérprete: Carlos Núñez

Título: Carlos Núñez & amigos

Ano Ed: 2004

Edit.: Sony/BMG

Comentario: Disco en gravado en directo no Parque de Castrelos de Vigo, coa participación de músicos de talla internacional como The Chieftains ou León Gieco.

CRISTINA PATO

www.cristinapato.com



Intérprete: Cristina Pato

Título: Tolemia

Ano Ed.: 1999

Edit.: Fonofolc

Comentario: Primeiro disco gravado por unha gaiteira solista.

BUDIÑO

www.xosemanuelbudino.com



Intérprete: Xoán Manuel Budiño

Título: Home

Ano Ed.: 2007

Edit.: Falcatruda

Comentario: Este traballo foi galardoado co premio Opinión e conta con colaboradores de prestixio como o azoriano Paulo Borges, Kepa Junquera ou Jorge Pardo.

COLECCIÓN (MÚSICA TRADICIONAL)

OUVIRMOS

www.ouvirmos.com



Colección: A Tiracolo

Edit.: Ouvirmos

Comentario: Colección de gravacións históricas cuxo primeiro título foi *Os Dezas de Moneixas, as cartas sonoras*. Cunha edición moi coidada, os libretos están a cargo dos maiores expertos en cada grupo ou coral.

Títulos:

- Aires da Terra: 1904
- Cantigas e Agarimos: Na Algalia de Arriba.
- Coro Cántigas da Terra: Estampas coruñesas 1921-1928.
- Coro de Ruada: Escena Coral Galega.
- Coro Toxos e Froles: Romaxe Galega. 1922.
- Os Monfortinos: Entrada ao baile.
- Manuel Dopazo: Crónicas Porteñas.
- Os Dezas de Moneixas: As Cartas Sonoras.
- Os Gaiteiros de Soutelo: Terra de Montes.
- Os Montes de Lugo: Ensayos e concursos.



COLECCIÓN (MÚSICA TRADICIONAL)

CUMIO





www.ouvirmos.com

Colección: Os nosos gaiteros.

Edit.: Cumio

Comentario: Unha boa selección dos mellores gaiteros galegos tanto do pasado como do presente.

Títulos:



- José Rodríguez Santalla
- Clemente Díaz López
- Francisco Villarino Ojea
- César Fernández
- Manuel Viqueira
- A Gaita de Sarandón
- Os Campaneiros
- Os Areeiras
- José Marentes
- Os Encantiños da Umia

COLECCIÓNS (MÚSICA TRADICIONAL)

CUMIO

www.ouvirmos.com





- A requinta de Xian

- Pablo Carpintero



- Os alegres

- Os Terribles da Arousa



Colección: Multimedia

Edit.: Cumio

Comentario: Libros acompañados de C.D e nalgúns casos de D.V.D. A serie está configurada de tal modo que en cada volume haxa unha parte de texto, documentación gráfica, audio e a súa transcripción musical.

- Doce polainas e media

- Solo de gaita

- De pano sedán

- Moxenas, a memoria do son

- Gaiteros do Areal

- Os Campaneiros de Vilagarcía.



MÚSICA ACADÉMICA

ANDRÉS GAOS

www.sinfonicadegalicia.com



Intérprete: Orquestra Sinfónica de Galicia

Título: Orchestral Pieces

Ano Ed.: 1994

Edit.: Arte nova classics

Comentario: Coa batuta de Victor Pablo, unha ocasión única de escoitar a Sinfonía nº 2 *En las montañas de Galicia* ou a *Impresión nocturna do mestre Gaos*.

ADALID

www.sinfonicadegalicia.com



Intérprete: Orquestra Sinfónica de Galicia

Título: A memoria das árbores

Ano Ed: 2000

Edit.: Kalandreka

Comentario: Producción da Sinfónica de Galicia para Kalandraka con música de Marcial del Adalid e textos de Neira Cruz.

AMADEO VIVES



Intérprete: Orquestra de Cámara de Madrid (ampliada)

Título: Maruxa

Ano Ed.: 1999

Edit.: BMG

Comentario: Gravación feita para RCA, coa dirección de Ataulfo Argenta, con Toñi Rosado como Maruxa, Manuel Ausensi no papel de Pablo e Pilar Lorengar como Rosa.

LUNA Y BRU



Intérprete: Orquestra Sinfónica

Título: La chula de Pontevedra

Ano Ed.: 1987

Edit.: BMG Ariola

Comentario: Con Ataulfo Argenta a batuta, a única gravación da Chula de Pontevedra, permítenos escoitar a magnífica voz da soprano lucense Inés Ribadeneyra.

MÚSICA ACADÉMICA

VARIOS



Intérprete: Mª Teresa del Castillo e Pablo Ferreiro

Título: A melodía galega na Belle Epoque

Ano Ed.: 1997

Edit.: Clave Records

Comentario: Na voz de Mª Teresa del Castillo e Pablo Ferreiro, neste disco atopamos os temas máis populares de Baldomir e Chané.

PAULINA



Intérprete: Paulina Ceremuzynska

Título: Cantigas de amor e amigo

Ano Ed: 2004

Edit.: Clave Records

Comentario: Cantante e musicóloga polaca experta na música galega dos trovadores. Nesta gravación achega temas de Martim Codax e o rei D. Dinis.

MALANDANÇA



Intérprete: Malandança

Título: Unha noite na corte do rei Afonso

Ano Ed.: 2001

Edit.: Clave Records

Comentario: O grupo liderado por Francisco Luengo interpreta, con instrumentos réplica dos que se atopan no Pórtico da Gloria, as cantigas de Santa María.

MARTÍN CODAX

www.martincodax.org



Intérprete: Martín Codax

Título: Herru Sanctiagu

Ano Ed.: 1999

Edit.: Clave Records

Comentario: Músicas medievais relacionadas co camiño de Santiago, entre elas algunhas do Codex Calixtinus.

MÚSICA ACADÉMICA

VARIOS



Intérprete: Orquesta de cámara galega

Título: Orquesta de cámara galega

Ano Ed.: 1996

Edit.: Clave Records

Comentario: Este disco supón a oportunidade de escoitar algunhas pezas do compositor Roxelio Groba como o fermosísimo *Canto de Berce*.

RESONET



Intérprete: Resonet

Título: Rosalía de Castro. Cantares Galegos.

Ano Ed: 2007

Edit.: Ouvirmos

Comentario: Disco da formación liderada por Fernando Reyes para Ouvirmos, mixturando os versos de Rosalía de Castro con melodías tomadas da tradición.

VARIOS



Intérprete: Orquesta de Cámara de Xove e Solo Voces

Título: Clásicos Galegos Volume I

Ano Ed.: 1999

Edit.: Sons Galiza

Comentario: Obras dos mestres de capela Pacheco e Santavaya, e dos compositores galegos Montes e Bal y Gay.

VARIOS



Intérprete: Orquesta Municipal de Xove

Título: Clásicos Galegos Volume II


Ano Ed.: 2004

Edit.: Sons Galiza

Comentario: Obras de Montes e Bal y Gay.

MÚSICA ACADÉMICA

QUIROGA



Intérprete: Manuel Quiroga e Marta Leman

Título: Pontevedra, París. 1912

Ano Ed.: 2004

Edit.: Ouvirmos

Comentario: Gravacións históricas dun dos máis grandes concertistas de violino, tocando acompañado da súa muller, a francesa Marta Leman.

QUIROGA



Intérprete: Manuel Quiroga e Marta Leman

Título: De violino e piano.

Ano Ed: 2004

Edit.: Ouvirmos

Comentario: Disco que ven a completar a obra gravada de Manuel Quiroga.



COLECCIÓN (MÚSICA ACADÉMICA)

BOA

www.boa.es


Colección: Música Clásica Galega.

Edit.: Boa

Comentario: Esta colección presenta a música académica galega en dez volumes, cubrindo todos os grandes periodos históricos desde a Idade Media até os nosos días. A dirección do proxecto correu a cargo do padre Caio e de Carlos Villanueva.

Títulos:

- V.I Música medieval
- V.II Renacemento e barroco
- V.III Mestres das catedrais
- V.IV Misa solemne *Unus Deus*
- V.V A canción galega
- V.VI Romanticismos e nacionalismo
- V.VII Música sinfónica do s. XX
- V.VIII Música para piano
- V.IX Música de cámara
- V.X Música para banda



OUTRAS MÚSICAS

DO BARRO



Intérprete: Andrés do Barro

Título: Todas sus grabaciones en R.C.A. 1969-1972

Ano Ed.: 2003

Edit.: R.C.A.

Comentario: Recopilatorio de Andrés do Barro, primeiro cantante en galego en trunfar nas listas españolas de éxitos.

LOS TAMARA



Intérprete: Los Tamara

Título: 14 éxitos d'oro de Los Tamara.

Ano Ed: 1998

Edit.: Dial discos

Comentario: Os grandes éxitos da banda de Noia, primeira en gravar un disco integramente en galego.

OS RESENTIDOS



Intérprete: Os Resentidos


Título: Made in Galicia 1982-1994

Ano Ed.: 1994

Edit.: GASA

Comentario: Os Resentidos editaron este recopilatorio con motivo da súa disolución como grupo.

OS DIPLOMÁTICOS



Intérprete: Os Diplomáticos de Monte Alto

Título: Avante toda!

Ano Ed.: 1995

Edit.: Fonomusic

Comentario: Quizá o mellor disco dos Diplomáticos.

OUTRAS MÚSICAS

SKORNABOIS



Intérprete: Skornabois

Título: O verme homicida

Ano Ed.: 1996

Edit.: Chorima

Comentario: Grupo que recollía as influencias de Negu Gorriak e os Resentidos para liderar unha xeración de rock combativo.

LAMATUMBÁ

www.lamatumbá.com



Intérprete: Lamatumbá

Título: Lume (para que saia o sol)

Ano Ed: 2005

Edit.: Falcatruada

Comentario: Primeiro disco de Lamatumbá antes da súa descomposición-recomposición. Imprescindíbel.

DIOS KE TE KREW



Intérprete: Dios ke te krew

Título: Xénese


Ano Ed.: 2006

Edit.: Falcatruada

Comentario: Hip hop galego, alternativo e transgresor.

GALEGOZ

<http://galegozstyle.blogspot.com>



Intérprete: GalegoZ

Título: Galician Chimpanzee

Ano Ed.: 2006

Edit.: Vir/Ouvirmos

Comentario: Música irreverente fabricada cos sons metálicos dos irmáns Paíno.